

CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A COLABORACIÓN EDUCATIVA NAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DE DANZA, E SUPERIORES DE MÚSICA

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG núm. 111, do 27 de maio).

Doutra, D.^a Sandra Ortega Mera, en calidade de presidenta da Fundación Paideia Galiza, en representación desta e de conformidade coas atribucións conferidas polo acordo adoptado na reunión do Padroado da Fundación Paideia Galiza de data 9 de setembro de 2013 segundo consta no libro de actas da Fundación; e en virtude do dito nomeamento, ostenta a representación da entidade a todos os efectos legais, segundo consta nos Estatutos e escritura de constitución da entidade, outorgada o 30 de xullo de 2001, ante o Notario da Coruña Don Francisco Manuel Ordóñez Armán, baixo o número 1983 de orde do seu protocolo.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para obrigarse e

EXPOÑEN

I. Que o artigo 45 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación establece que as ensinanzas artísticas terán como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos/das futuros/as profesionais da música e da danza, entre outras ensinanzas artísticas. Asemade, a Lei 1/2024, do 7 de xuño, pola que se regulan as ensinanzas artísticas superiores e se establece a organización e equivalencias das ensinanzas artísticas profesionais, indica no seu artigo 4 que as ensinanzas artísticas superiores constitúen un sistema específico de formación





artística de calidade que persegue responder con eficacia e transparencia á demandas sociais, culturais e económicas, tanto nacionais como internacionais, garantindo a formación de futuros profesionais.

O artigo 2.1 do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (DOG núm. 211, do 31 de outubro) e o artigo 2.1 do Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza (DOG núm. 212, do 2 de novembro), indican que estas ensinanzas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Asemade, o artigo 3 do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 218, do 16 de novembro), e o artigo 3 do Decreto 171/2016, do 24 de novembro, no que se establecen novos itinerarios na especialidade de Interpretación (DOG núm. 235, do 12 de decembro), dispón que o perfil do/da titulado/a superior en Música corresponde ao/á dun/dunha profesional cualificado/a que acadou a madurez e a formación técnica e humanística necesarias para realizar de maneira plena a opción profesional máis adecuada ás súas capacidades e intereses, mediante o desenvolvemento de competencias comúns aos estudos de música e na correspondente especialidade; igualmente, entre as competencias transversais do/da titulado/a superior en Música, no seu anexo II, recóllense ás de "*Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional*" e "*Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional*".

II. Que a Fundación Paideia Galiza ten entre os seus fins a realización de actividades orientadas á formación, investigación e intervención no eido das ciencias sociais; a implantación de programas e tarefas dinámicas, sensibles á realidade, así como á busca da excelencia en servizos e prácticas profesionais, desde unha abordaxe interdisciplinar, transversal e integral, para lograr a calidade no compromiso e na aplicación do social e do científico.

III. Que se estima fundamental a adecuación da formación dos/as músico/as e dos bailaríns e as bailarinas ao grao de excelencia académica que exige nas ensinanzas artísticas profesionais e superiores, e o recoñecemento e posta en valor dos méritos artísticos e académicos baseados no esforzo e no traballo do alumnado. Estes obxectivos requiren dunha activa participación e corresponsabilización de todos os axentes sociais implicados, como procedemento clave para a actualización e capacitación técnico-artística dos/das estudantes de música e dos/das estudantes de danza, o que fai preciso a colaboración dos asinantes deste acordo, que



permitirá afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe nos estudos profesionais de música e de danza, e nos estudos superiores de música dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio, en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración educativa entre a Fundación Paideia Galiza e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para a promoción e posta en valor, nos ámbitos da música e da danza, de artistas dos conservatorios galegos que veñan de rematar os estudos profesionais de música e de danza, e superiores de música, nos conservatorios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. *Actuacións de colaboración*

A referida colaboración levarase a cabo a través das seguintes actuacións:

1. A Fundación Paideia Galiza distinguirá ao alumnado premiado na modalidade de Ensinanzas Artísticas Profesionais de Música nos premios convocados anualmente pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Esta distinción consistirá no dereito á gravación discográfica, mestura, edición e masterización dun repertorio de 25 minutos. Ademais terá dereito a gravación dun vídeo en falso directo cunha duración máxima de tres (3) minutos. O vídeo gravarase na mesma xornada na que se realizará a gravación do repertorio.

2. A Fundación Paideia Galiza distinguirá ao alumnado premiado na modalidade de Ensinanzas Artísticas Profesionais de Danza nos premios convocados anualmente pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Esta distinción consistirá no dereito á gravación dun vídeo cunha duración máxima de 15 minutos. O contido desta gravación, que será realizada nunha xornada de traballo, será concretado pola persoa premiada e os Estudos Mans.



As gravacións referidas nos puntos 2.1. e 2.2. poderanse facer efectivas no prazo de tres (3) meses dende a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da concesión dos premios extraordinarios e tras dar traslado á Fundación Paideia Galiza da Acta na que se indique a puntuación acadada polo alumnado nos devanditos premios. Porén, este prazo inicial poderá verse ampliado segundo a dispoñibilidade do estudo de gravación ou por causas de forza maior que impidan que o proxecto se leve a cabo no prazo sinalado.

3. No marco da convocatoria de Premios á excelencia musical Mans Futuro para o alumnado de Ensinanzas Artísticas Superiores de Música na especialidade de Interpretación que finalizase os seus estudos nos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia nos cursos académicos sinalados na correspondente convocatoria, a Fundación Paideia Galiza e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional concederán os seguintes Premios:

- **Un primeiro Premio á Excelencia Musical Mans Futuro**, que consistirá no dereito á gravación discográfica, mestura, edición e masterización dun repertorio de 45 minutos como solista ou ben cun máximo de ata dous (2) acompañantes. Excepcionalmente poderá considerarse incrementar o número de acompañantes ata un máximo de catro (4), previa xustificación. Ademais terá dereito a gravación dun vídeo en falso directo cunha duración máxima de 3 minutos.
- **Dúas mencións de honra nos Premios á Excelencia Musical Mans Futuro**. Estes premios consistirán no dereito á gravación dunha maqueta dun repertorio de 25 minutos como solista ou ben cun máximo de ata catro (4) acompañantes, e á gravación dun vídeo en falso directo cunha duración máxima de tres (3) minutos.

As anteditas gravacións realizaranse nos Estudos Mans da Coruña segundo a dispoñibilidade do estudo.

No caso dos Premios á Excelencia Musical Mans Futuro, as gravacións deberán realizarse no prazo de tres (3) meses contados a partir da data de publicación da concesión dos premios. Este prazo poderá verse ampliado segundo a dispoñibilidade do estudo de gravación ou por causas de forza maior que impidan que o proxecto se leve a cabo no prazo sinalado.

4. A Fundación Paideia Galiza comprométese:

- a) Colaborar na convocatoria, organización e difusión dos Premios á Excelencia Musical xunto coa Xunta de Galicia, recollendo as previsións establecidas no presente convenio.



- b) Poñer a disposición do alumnado premiado das diferentes categorías as súas instalacións e os medios técnicos cos que contan os Estudos Mans, así como o apoio especializado para levar a cabo as gravacións correspondentes, de acordo co seguinte:
- i. Cederá as súas instalacións a cada persoa premiada para unha sesión de entre tres (3) e seis (6) horas, en horario de mañá e/ou tarde, no estudo de gravación, Estudos Mans situado no CIE "Mans". No caso do primeiro Premio á Excelencia Musical Mans Futuro, a persoa galardoada poderá empregar ata dúas (2) sesións, cun máximo de oito (8) horas en total.
 - ii. Cederá as súas instalacións a cada persoa premiada para as súas sesións de mestura, edición e masterización.

Para o caso da persoa ganadora do primeiro Premio á Excelencia Musical Mans Futuro, que inclúe a gravación profesional dun traballo discográfico, a Fundación Paideia Galiza comprométese a tramitar a documentación administrativa necesaria e exixida pola lexislación da propiedade intelectual: o depósito legal e a xestión de comunicación á SGAE, sendo as tarifas correspondentes, de ser o caso, a cargo da persoa premiada.

O repertorio que integre o programa será proposto polo/a intérprete aspirante, tendo en conta que, no caso de tratarse de obras que non sexan de dominio público, os posibles custos derivados do aboamento de tarifas en razón de propiedade intelectual correrán a cargo da persoa beneficiaria do premio. En todo caso, esta circunstancia deberá ser advertida á persoa interesada no momento da promoción e difusión da convocatoria de premios.

5. Pola súa parte, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comprométese a:

- a) Promover, xestionar e organizar a convocatoria dos Premios á Excelencia Musical Mans Futuro entre o alumnado dos conservatorios superiores de Galicia.
- b) Organizar un evento para a realización da fase final de selección dos premiados.
- c) Colaborar coa Fundación Paideia na xestión das gravacións nos estudos Mans.





Terceira. Selección do alumnado que concorrerá aos premios á excelencia musical Mans Futuro (primeiro premio e dúas mencións de honra), de ensinanzas superiores de música

1. Poderá concorrer o alumnado dos conservatorios superiores de música da Coruña e de Vigo.
2. Para poder participar nesta convocatoria será condición indispensable que o alumnado cumpra os seguintes requisitos:
 - a) Ter finalizados os estudos conducentes á titulación de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores na especialidade de Interpretación pola que opta ao premio nos dous cursos académicos anteriores á convocatoria dos premios nun centro de ensinanzas artísticas superiores de titularidade da Xunta de Galicia .
 - b) Ter acadada a cualificación de sobresaliente ou matrícula de honra no traballo fin de estudos na especialidade de Interpretación, segundo o establecido nos plans de estudos recollidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro e no Decreto 171/2016, do 24 de novembro, nos dous cursos académicos anteriores á convocatoria dos premios.
 - b) Non ter participado en edicións anteriores destes premios co mesmo instrumento.

Cuarta. Tribunal cualificador dos Premios á Excelencia Musical Mans Futuro (primeiro premio e dúas mencións de honra), de ensinanzas superiores de música

1. Para a concesión dos premios e valoración das solicitudes, constituirase un tribunal de selección que estará integrado por:
 - a) A persoa responsable da Dirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que será o/a seu/súa presidente/a.
 - b) Vogais: tres vogais, que serán especialistas no ámbito da música designados conxuntamente pola Fundación Paideia Galiza e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. Poderá así mesmo constituírse un tribunal previo de selección das persoas aspirantes, no suposto de que o número de persoas participantes xustifique esta decisión. En todo caso, a composición deste tribunal realizarase de acordo ao establecido no punto anterior.
3. O tribunal terá atribuídas as competencias para o outorgamento dos premios, sendo a súa decisión inapelable.



4. O tribunal cualificador poderá declarar deserto algún dos premios.

Quinta. Normas para o desenvolvemento dos Premios á Excelencia Musical Mans Futuro

A convocatoria dos premios contemplará, cando menos, os seguintes requisitos para o seu axeitado desenvolvemento:

a) O alumnado deberá presentar unha gravación en vídeo no que interprete tres pezas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel destas ensinanzas, cunha duración máxima total de 25 minutos. O alumnado unicamente se poderá presentar como candidato de xeito individual, sen prexuízo de poder acompañarse da agrupación que precise.

b) O tribunal cualificador seleccionará ata un máximo de tres persoas finalistas entre as persoas participantes.

c) Tras a selección dos finalistas, organizarase unha proba interpretativa presencial ante o tribunal cualificador que consistirá na execución dun programa de concerto, integrado por obras libremente elixidas polo/a aspirante, dunha duración máxima de 25 minutos. Para a execución deste programa, o/a aspirante poderá contar coa colaboración doutros/as intérpretes. Dita colaboración correrá por conta das persoas participantes.

d) O evento de celebración da final será público nun espazo designado para tal efecto pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Nesta efeméride comunicaranse as concesións dos galardóns e entregaranse os diplomas correspondentes ás persoas seleccionadas por parte do tribunal cualificador.

Sexta. Difusión do convenio

Na difusión do presente convenio deberá facerse constar a colaboración da Fundación Paideia Galiza e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Así mesmo, na edición das gravacións das persoas premiadas figurará o logotipo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o da Fundación Paideia Galiza e o de Estudos Mans.

Na difusión dos premios poderán intervir outras institucións que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou a Fundación Paideia Galiza consideren de interese para este fin. Así mesmo, poderán deseñarse accións para publicitar estes premios, de acordo co establecido no parágrafo anterior.



Sétima. Comisión de seguimento

1. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión que velará polo correcto desenvolvemento do presente convenio.

2. A comisión estará constituída por:

- a) A persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- b) Dúas persoas representantes da Fundación Paideia Galiza.
- c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretaria.

3. A Comisión reunirse sempre que o requira unha das partes, con previo aviso á outra parte con polo menos unha semana de antelación.

Oitava. Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia anual prorrogable por períodos de igual duración, previo acordo das partes.

Novena. Extinción e resolución do convenio

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou o por incorrer en causa de resolución, consonte o artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coa obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.



Se transcrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previse.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décima. *Natureza do convenio*

1. O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas deste. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, aplicaráselle os principios recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

2. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir, na vía xurisdicional, as cuestións litixiosas que puideran xurdir da aplicación do presente convenio.

Décimo primeira. *Publicidade activa*

Este convenio será obxecto de publicidade a través dos mecanismos establecidos para o efecto pola Xunta de Galicia, en aplicación do establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo, e para garantir que non se transgreden os límites do dereito de acceso á información pública, así como dos derivados da normativa en materia de protección de datos persoais establecidos pola normativa básica, as persoas asinantes manifestan o seu consentimento e autorización para facer pública a información relativa aos seus datos persoais e o resto de especificacións que constan no convenio, e aceptan expresamente a publicación íntegra do convenio no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano dixitalmente.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

A presidenta da Fundación Paideia
Galiza

Sandra Ortega Mera

